

A MULLER ADÚLTERA DA PRAZA DAS PRATERÍAS
(Meditacións ante un cadro de Alfredo Erias)

Muller fiel á memoria, sideral e telúrica,
custodias, desafiante, a caveira ceifada
do amado, no colo -relicario de seda-
onde o esposo-verdugo mandou depositala:
a condena, beixala dúas veces cada día,
e beberes no cáliz o fel da misoxinia-

Ti ansiabas ser libre, amiga, e nas entrañas
sentires os Misterios do amor, e non a farsa
de sponsais acordados sen ninguén escoitarte,
(mais naciches, amiga, da stirpe de Eva,
e era o voso destino renunciar á tenrura,
serdes un instrumento de servizo á liñaxe,
reprodutores úteros, repudiadas se estériles,
e nin sequera dignas de posuírdes alma).

Pero non te venceron. Nada hai no Universo
que en ti poida borrar a presenza do amante:
lembras cada recanto do seu rostro perfecto,
a mornura dos cánones que ao oído muiñaba
bebendo nas túas palmas as palabras sagradas.

Era o que aloumiñaba, na noite, os teus cabelos,
vernizándoches a pel con anacos de ceo
co resplandor inxel e azul do vagalume;
o de brazos ou hélices que aventaban a angustia
e arume de magnolios inhalaba
nos teus seos unxidos con mel de estalactitas;
o que contigo foi unicidade cósmica.

O amado que saía a conquistar crepúsculos
nos que ti te engruñares, fermosísima e lánguida.
E arroiaba nas mans as estrelas que amaba
para abrollaren fontes nas que ti humedecerte.

Aínda que os gardiáns de ortodoxias infames
de estandarte puxéronte de conducta lasciva,
eu contéplote, amiga, como deusa matriarca,
como a divina Isis que ao luminoso Horus
-na seara do seu ventre- protexe do maligno;
eu contéplote, amiga, como airada Medusa,
-ofidios por cabelos-, de ollada que traspasa
-como o fulgor intenso das alboradas árticas-
e transmuta en pedra aos seres desalmados
(aínda que percibo, no mar das túas pupilas
-de atlánticas xerfas-, harmonías tristísimas).

E ofréndoche o pan e os froitos da Terra.
E por iso David para ti tanxe a cítara
(porque só os poetas comprenden o que sentes:
que Amor é poderoso, máis que a Morte que o leva).

CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ
15 de setembro de 2005